



ACTA DO XURADO DO VI PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

Na Sala A da Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela, sendo as 17:00h. do 23 de xaneiro do 2018, reuniuse o xurado do VI Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído por Luís Cochón, en calidade de presidente, e os vogais Silvia Penas, Mercedes Queixas, Armando Requeixo e Ramón Rozas, amais de por Carmen Carreiro, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo da correspondente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio ao poemario presentado baixo o título *Corpo*, texto que se impuxo aos outros trinta e un traballos presentados e que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Antón Lopo.

O xurado estimou que *Corpo* é un excelente poemario, denso por variado —tocata e fuga—, que se compón de diversas suites que se completan ou se enfrontan ou se escisionan (eses parénteses e claudátors). O autor constrúe este *Corpo* medrado con poder de convicción tanto que convenceu, unánime, os cinco membros do xurado. Ponderado, pousado, serán versos para quedar, no tempo que nos acolla, cando menos neste libro admirable.

Asinan a presente, ás 19:00, no lugar amentado,

Carmen Carreiro Montero
Presidenta AC O Cruceiro da Laxe

Luís Cochón Touriño
Presidente do xurado

Mercedes Queixas Zas
Vogal

Armando Requeixo
Vogal

Silvia Penas
Vogal

Ramón Rozas
Vogal